




Carlos López García-Picos

**BETANZOS: Homenaxe a Carlos
López García-Picos
Aula de Cultura
27 de maio, 20.00 h.**

**FERROL: Homenaxe a Xan Viaño
Auditorio Conservatorio Xan
Viaño
25 de xuño, 20.00 h.**



Xan Viaño

XXV ANIVERSARIO

XVII Ciclo de Concertos

No 1987 Carlos López García-Picos, Paulino Pereiro, Juan Durán, Juan Vara, Jorge Berdullas, Manuel Mosquera e Xavier de Paz, fundan a Asociación Galega de Compositores.

Vintecinco anos de actividade ininterrumpida ao longo non só dos propios ciclos de concertos senon tamén de múltiples actividades (ciclos de canción galega, Canuto Berea, maratón Marea Negra, edición de Cds, de partituras, etc) así como proxección dos compositores noutros medios. O número de socios inicial mutiplicouse por cinco, e a AGC non deixa de medrar.

É o momento de facer unha pequena reflexión sobre a actividade desenvolvida e a actividade futura. Pero tamén é o momento de celebración da efeméride. Momento gozoso para disfroitar del e coller novas forzas pra seguirmos adiante.

Á nosa celebración sumáronse xa a Banda Municipal da Coruña cun concerto monográfico, o Consello da Cultura Galega ca edición dun libro de cancións compostas exprofeso para a ocasión, a Orquestra Sinfónica de Galicia ca inclusión nos seus programas de obras de compositores da Asociación, e sumaráanse tamén ao longo deste ano a Banda de Ourense e a Real Filharmonia.

E é o momento tamén de recordar aos nosos socios falecidos. Por eso este ciclo está adicado a eles. O Grupo Instrumental Século XX, dirixido por Florián Vlashi é un dos intérpretes máis fieis da música dos compositores da Asociación. Precisamente a idea de escribir obras para confeccionar dous programas de concerto que homenaxearan aos socios falecidos xurdíu de Florián Vlashi. Idea que se recibiu co entusiasmo propio dos grandes achádegos. Vlashi propuxo a plantilla instrumental da que non debían de saír as obras a escribir, Dentro dese insrumental proposto, cada compositor era libre de usalo na súa totalidade ou ben de extraer unha combinación do seu gosto.

Polo tanto, todas as obras que se presentan neste ciclo están escritas para a ocasión, e, á marxe do motivo inspirador en cada caso, son todas elas, como conxunto, un homenaxe aos compañeiros que xa non están connosco. E, polo tanto, tamén son todas estreas.

I Concerto. Homenaxe a Carlos López García-Picos
Betanzos, Aula de Cultura.
Domingo, 27 de maio de 2012, ás 20.00h.

Grupo Instrumental Siglo XX
Florian Vlashi, director – concertino

PROGRAMA

Gabriel BUSSI I - Andante con moto (do Quintetto
di fiatti in Re minore)

Juan DURÁN.....Elegía (do Septimino)

Carolís BIVEINIS.....Tres versos

Maria MENDOZA.....Sulún

Paulino PEREIRO.....Contrafactura op 218

Manuel ALEJANDRE PRADA.....Aurum 2.0

Miguel BROTONS.....Norte mágico

Margarita VISO SOTO.....Elexía
En memoria de Carlos López Garcia

II Concerto. Homenaxe a Xan Viaño
Ferrol, Auditorio Conservatorio Profesional de Música
Luns, 25 de xuño de 2012, ás 20.00 h.

Grupo Instrumental Siglo XX
Florian Vlashi, director – concertino

PROGRAMA

Antón ALCALDE.....Transparencias sobre unha Cantiga Popular

Juan PÉREZ BERNÁ.....Tres estudos móbiles

X. COMESANHA.....Plenilunio

Javier M^a LÓPEZ RODRIGUEZ.....Dublin lounge

Gloria RODRÍGUEZ GIL.....Chipude

Comentarios dos propios compositores ás obras

ANDANTE CON MOTO

O *Andante con moto* é o primeiro movemento dun quinteto de ventos que formalmente se sitúa entre as grandes obras de música de cámara do século XIX. Está escrito en forma de sonata, coa trompa expoñendo o tema principal. Logo, soa o segundo tema da exposición no clarinete, seguido por un extenso desenvolvemento, onde se combinan os motivos da exposición con un motivo rítmico que se fai cada vez máis dominante, ata desembocar na reexposición. A reexposición segue o modelo clásico, mais engade un tema novo en un breve recital da trompa, que non forma parte do esquema da sonata. Este tema aparecerá nos outros movementos da obra (que hoxe non soarán), sempre na trompa i en momentos clave da obra.

ELEXÍA

A Elexía que se presenta neste concerto, e que responde ao concepto tradicional dunha peza de carácter fundamentalmente evocador, é o cuarto movemento dun Septimino, que o compositor iniciou no ano 2010, e do que están escritos, nesta data, só catro dos seis movementos proxectados. Naturalmente, trátase dunha homenaxe á obra homónima de Beethoven, tanto no cadro de instrumentos (Clarinete, Fagot, Trompa, Violín, Viola, Violoncello e Contrabaixo), como na dimensión, tipo suite, dos seis tempos.

TRES VERSOS

Poesía de Rumi

I

Deixa as túas preocupacións
E ten un corazón completamente limpo,
Como a superficie dun espello
Que non contén imaxe.
Se queres un espello claro,
Contémplate
E mira a verdade sen vergoña,
Reflectida polo espello.
Si se pode pulir o metal
Ata asemellalo a un espello,
Qué pulido podería necesitar
O espello do corazón?
Entre o espello e o corazón
Ésta é a única diferenza:
O corazón oculta segredos,
Pero o espello non.

II

Baila, como se ninguén te estivese mirando,
Ama, como se nunca houberante ferido,
Canta, como se ninguén houberate ouvido,
Traballa, como se non precisases o diñeiro,
Vive, como si o ceo estivese na terra.

III

Hoxe, como cualquier outro día, despertamonos valeiros e asustados.
Non abras a porta do estudo e empeces a ler
Toma un instrumento musical.
Deixa que a beleza do que amamos sexa o que facemos.
Hai centos de formas de se axeonllar e bicar o chan...

SULÚN

Sulún é unha obra de cámara composta a petición do Grupo Instrumental s. XX a través da Asociación Galega de Compositores. Inspirada na película "Moon", de Duncan Jones, a peza recrea musicalmente o ambiente que hai na lúa da compositora, sen ter nada que ver coa música orixinal da película. Sam, o protagonista, páséase pola superficie lunar acompañado de Gerthy, o seu fiel protector, buscando unha resposta que ás veces sería mellor non atopar.

CONTRAFATURA Op. 218

Foi composta en Ferrol, do 21 ao 30 de novembro de 2011, cunha duración aproximada de 4 minutos. Escrita para un grupo instrumental de 11 instrumentos: frauta, óboe, clarinete, fagot, trompa, trompeta en Sib, trombón, violín, viola, violonchelo e contrabaixo. Orquestración de Para Sofía. Valse. Op. 178, para clarinete, violín, violonchelo e piano.

AURUM 2.0

Composta en 2011, é unha versión dunha obra anterior (1999) orixinal para xilófono, viola, violoncello e piano. O seu título débese a súa singular estrutura, que sigue un patrón formal derivado da serie de Fibonacci, na que cada unha das súas seccións relaciónase numericamente co Número Aureo. A linguaxe compositiva empregada está baseada na escala Octatónica e desenvólvese sobre un ostinato que medra en intensidade e sobre o que sucédense aparicións sucesivas do tema principal, xerando unha acumulación de tensión.

NORTE MÁXICO

Norte Máxico é unha fantasía para instrumentos de vento e corda. Esta composición cos seus ritmos e melodías está inspirada na espiritualidade, o misterio e o esoterismo que envolven á Costa Norte de Galicia dende Estaca de Bares a Finisterre, así como na súa natureza salvaxe e agreste. Milenaria zona de peregrinacións como o Camiño de San Andrés de Teixido ou o propio final do Camiño de Santiago a Fisterra, onde o peregrino queimaba as súas roupas, en sinal de purificación.

ELEXÍA

Elexía en memoria de Carlos López García está escrita para a plantilla instrumental proposta polo Grupo Instrumental S. XX. As seccións da obra pretenden simbolizar os diversos sentimentos que provoca a perda do Mestre e amigo: 1) Dor e impotencia, 2) Dor profunda e desolación, 3) Consolo, 4) Trunfo da memoria.

O primerio motivo, a dor, aparece como enlace entre as diversas seccións.

TRANSPARENCIAS SOBRE UNHA CANTIGA POPULAR

Peza orixinalmente escrita para saxofón soprano-tenor solista e combo de jazz (piano, batería e contrabaixo). Esta primeira versión está adicada ao meu bo amigo e grande saxofonista, Martín Castro. Encargo da Escola de Música de Rianxo para o Concerto Monográfico de Cámara conmemorativo do X Aniversario (Febreiro de 2012).

A idea xeral da obra, parte e sostense sobre unha cantiga popular galega: “A saia da Carolina”. O termo “transparencias” fai alusión a unha reciclaxe musical que ten como punto de partida a cantiga, a cal por veces poderemos apreciar cómodamente. A linguaxe goblal da obra está dominada pola harmonía moderna legada do *jazz*. A parte central da mesma pasa polo estilo *funky*. Estes antecedentes, xunto cos diversos solos escritos, os “catros” da batería e unha elección tímbrica dos instrumentos, en estilo *quartet jazz combo*, deixa esclarecida o linguaxe estético sobre o que se funde e fusiona a cantiga popular.

Pese a todo o tratamento moderno da linguaxe-estética empregada, segue o contorno estrutural da sonata clásica (A-B-Acoda).

Esta nova versión está adicada ao ensemble “Grupo S. XX”

TRES ESTUDIOS MÓBILES. Para violín, violonchelo e arpa ou outras formacións alternativas.

A Florián Vlashi e Rediana Lukaçi

Estudio móbil nº 1 “Para músicos no océano” (violín e violonchelo).

Estudio móbil nº 2 “Para o espectro acuático” (arpa).

Estudio móbil nº 3 “Para os músicos e o seu espectro” (violín, violonchelo e arpa).

Tres estudos móbiles está adicada a Rediana Lukaçi e Florián Vlashi. Consta de tres quasi movementos. O título recolle a denominación das esculturas de Alexander Calder que, fai varias décadas, experimentaban sobre os volumes en movemento como metáfora da percepción variable da realidade. Aquí ocorre do mesmo xeito pois o primeiro movemento da lugar aos outros dous: o segundo resulta da lectura retrogradada e do intercambio das partes do primeiro e o terceiro da simultaneidade de ambos (corpo e reflexo).

PLENILUNIO

Plenilunio ou lúa chea, e unha fase luar que ocorre cada vinteoito días. O Plenilunio está asociado a varios fenómenos máxicos. Díse que o Plenilunio fomenta a unidade entre individuos que pertencen a distintos credos e entre os que non pertencen a ningún.

No Plenilunio conflúen homes e mulleres, xóvenes e adultos libre de confrontacións, compartindo un mundo máxico donde desexan expresar a súa convicción de que a humanidade e unha soa e indivisible.

Esta obra quere reflexar a rítmica cósmica donde conviven a integridade, a diversidade, a liberdade e as relacións constructivas do ser humano, querendo simbolizar a máxia, a través de sons que parten dende a expresión popular de distintas tarefas que as persoas desenrolan na súa vida diaria.

A obra que está escrita en ritmo ternario, simboliza o mundo máxico que cada quen ten no seu interior, exteriorizando o seu momento máis álxido no primeiro movemento para no terceiro ractificalo.

DUBLIN LONGUE

Perante unha longa espera no aeroporto de Dublín pensaba no debate da Ilustración encol da música como resultado dunha imitación racional da natureza. Mergullado naquel balbordo “natural” e “artificial”, pensei simplemente na posibilidade dunha renovada *imitatio* como fonte de construción musical: un camiño trazado a partir de catro multifónicos da frauta e o clarinete entendidos como manifestación “natural” sonora de desenvolvemento “artificial” nese produto histórico que son os instrumentos. Apoiado na idea de “gramática artificial” de Lence-Edra, quixen realizar unha imaxe tímbrica e harmónica a través de diferentes tratamentos da plantilla instrumental.

CHIPUDE

Chipude é unha localidade da illa da Gomera (Illas Canarias) situada na parte alta do municipio de Vallehermoso.

Chipude era uha voz en lingua guanhe que significaba, segundo o cronista portugués Gaspar Fructoso (1590), “terra de palmas” Na actualidade, Chipue identifíase con *O Cercado*, zoa de importante tradición alfareira onde perviven as técnicas precoloniales de elaboración cerámica. A presenza dunha importante toponimia precolonial indica un importante poboamento da zoa antes da conquista, e que perviviu trala mesma.

FLORIAN VLASHI

Naceu en Durres (Albania) o 8 de Noviembre de 1963. Empezou os seus estudos de violín á idade de 6 anos. Seu pai, escritor e director de teatro moi coñecido, Gjergj Vlasi tivo un papel decisivo no futuro do seu fillo.

Estudou con V. Papa, R. Stefi, I. Madhi e obtivo pola Academia de Bellas Artes de Tirana o primeiro posto por unanimidade. En 1989 gaña o Primeiro Premio no Concurso de Solistas e de Orquestras Sinfónicas de Albania. Neste mesmo ano foi director e solista da Orquestra de Corda “Jan Kukuzeli” ca que realizou moitos concertos e grabacións para a RTVA, e a súa primeira xira de concertos por Italia.

Desde 1992 é membro da Orquestra Sinfónica de Galicia, perfeccionándose con G. Egger (Bachakademi Stuttgart) e L. Müller (Concertino da Orquestra de Cámara de Viena). A súa actividade esténdese á pedagogía, publicacións sobre a estética interpretativa e actividades como conferenciante (Conservatorio Superior, Universidade da Coruña, Universidade de Santiago, Universidad de Rioja – Logroño etc.).

Foi invitado a tocar na inauguración da temporada de concertos do Centro de Arte Moderno REINA SOFIA, Fundación JUAN MARCH, Auditorio Nacional de Música de Madrid, CAIM –Salamanca, CAI- Zaragoza, na Academia de España en Roma, Instituto Cervantes en Nápoles, Estate Musicale Maffei en Verona, Prístina, Suíza, Sao Paulo, Montevideo, Odessa etc. e en moitos festivais de música de A Coruña (Festival Mozart), Santiago, Vigo, Bilbao, e colaborando como solista co Plural Ensemble de Madrid.

Compositores como E. Buharaja, C. López García, J. Vara, X. De Paz, P. Pereiro, D. Malumbres, J. Durán, F. Buide del Real, A. Koci, H. Palma, W. Rosinskij, P. Casal adicáronlle obras súas.

En 1999 salíu ao mercado o seu CD “Andrés Gaos - Integral para violín y piano” e en xullo do mesmo ano, a televisión albanesa realizou o documental “Florian Vlasi – o violín albanés en España“. É o creador e director artístico do Festival de verán “Netet e muzikes klasike – Durres” (2003).

No ano 2002 a Asociación Galega de Compositores nómbrouno “Socio Protector”. No mesmo ano noméaselle profesor do Departamento de Cordas no Conservatorio de Betanzos onde dirixe actualmente a Camerana Brigantina –A Xove Orquestra de Cámara (Betanzos).

Desde 1996 é o creador e director do Grupo Instrumental SIGLO XX que está integrado por solistas da Orquestra Sinfónica de Galicia cun repertorio de máis de 200 obras, estrenando ata o día de hoxe 102 obras de autores na súa meirande parte españois, algunhas delas encargo do propio grupo. Os seus concertos teñen sido transmitidos por Radio Clásica de Radio Nacional de España, pola TVE 2 e polo Canal Internacional de España. Florian Vlasi toca un violín francés do século XVIII de J.Bocquay.

Algúns comentarios da crítica:

“...una persona sin la cual la música contemporánea en Galicia no sería lo que es...”

Paulino Pereiro - sobre la Sonata nº 2 Vlashiana

"Hay en su interpretación una sobresaliente ejecución técnica con una expresividad y emotividad muy adecuadas. Su digitación es imaculada y los pasajes más virtuosísticos los afronta con una naturalidad y confianza impresionante.

Técnicamente la lectura de Vlasi me ha parecido deslumbrante."

Paco Yañez - Convicción y compromiso

www.florianvlasi.com

GRUPO INSTRUMENTAL XX

O Século XX é un renacemento musical moderno. Está considerado como o século onde sucedeu o segundo gran cambio na Historia da Música. O primeiro aconteceu na Antigüedad cuando se substituíron as escalas gregas e medievais polas escalas temperadas. Eso considerouse unha agresión do diabólico (diabulus in música).

O segundo gran cambio sucedeu no Século XX cuando se derrumbou o edificio tonal de casi tres séculos substituíndose polo sistema de música serial hasta a estocástica. Por fin a música é libre e non hai máis códigos dominantes nin tabúes.

O Grupo Instrumental Século XX nace en 1996 pola iniciativa do violinista Florian Vlashi como homenaxe al "Gran Século". A finalidade do Grupo é interpretar as mellores obras de música de cámara desde o principio do século XX ata os nosos días. Os sus membros son instrumentistas solistas da Orquesta Sinfónica de Galicia. Proveen de máis de 10 países diferentes e todos eles cuontan cunha dilatada experiencia e labor profesional de altísimo nivel neste campo. O número de intérpretes varía dependendo das obras do programa que se interpreta.

Outro fin da súa intensa e ampla actividade é a sensibilización dos xóvenes con ese mundo fascinante que é a música contemporánea. Nos concertos didácticos "Los niños y la música moderna", conferencia-concertos ou clases abertas, o público xóven acértese con naturalidade e sin complexos á música de Stravinski, Berio o Xenakis.

A estreita colaboración co compositor é esencial. O G.I.S.XX Ten estrenado 102 obras de compositores españois e ten no seu extenso repertorio máis de 200 obras de autores desde Stravinski, Falla, R. Strauss, ata Messiaen, Xenakis, Ligeti. Ten participado en diversos certámenes nacionais e internacionais como os festivais de música de A Coruña (Festival Mozart), Santiago, Salamanca, Bilbao (Festival de Música del Siglo XX), Madrid (CDMC), festivais de Durrës (Albania), Verona (Italia) etc. obtendo as mellores críticas e fervorosos aplausos do público. Os seus concertos teñen sido grabados pola Radio Clásica Radio Nacional de España e transmitidos pola TVE 2 polo Canal Internacional como o concerto no Auditorio Nacional de Música de Madrid.

O Grupo está aberto a novos proxectos e espacios combinando a música nova coa poesía, teatro, danza, videos e artes plásticas.

Últimamente salíu ao mercado o seu CD "Manuel Balboa – Obra completa para conjunto instrumental" (Verso) e o DVD "O arame" ópera nun acto de Juan Durán.

Algunhas críticas:

"La ciudad de A Coruña tiene dos agrupaciones musicales de primer nivel, por lo menos dentro del panorama español. Una es la Orquesta Sinfónica de Galicia, OSG, otra es el Grupo Instrumental Siglo XX"

Maruxa Baliñas - Malgastar el patrimonio

"Unos músicos de primerísimo nivel situados en la órbita de la Sinfónica de Galicia. El resultado pueden imaginárselo...un lujo y un privilegio que sin duda no es neutral."

Julio Andrade Malde - Tocar una historia, contar una música

"Hablar en Galicia de música contemporánea en los últimos diez años es hacerlo del Grupo Instrumental Siglo XX que dirige el violinista albanés Florian Vlashi, un hombre de una generosidad humana y musical extraordinaria."

Paco Yañez - 50 velas que soplaremos por ti

www.grupoinstrumentalsigloxx.com

SOLISTAS do GISXX

Florian Vlashi, violín –dirección

Lilia Chirilov, violín

Stefan Utanu, violín

Despina Ionescu, viola

Gabriel Tanasescu, violonchelo

Rediana Lukaçi, violonchelo

Todd Wiliamson, contrabaixo

Efrem Escuredo, frauta

Iván Marin, clarinete

Erica Casanova, óboe

Steve Harriswangler, fagot

Aigi Hurn, trompeta

John Etterbek, trombón

Manuel Moya, trompa

Vera Pavlova, piano



Concello de Betanzos



ASOCIACION GALEGA DE COMPOSITORES

XXV ANIVERSARIO